



Concello de Baralla

CONVOCATORIA PARA A SESIÓN ORDINARIA A CELEBRAR POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2021.

SEÑORES/AS:

SR. D. MANUEL FERNÁNDEZ GÓMEZ
SR. D. ÁNGEL RODRÍGUEZ BARCIA
SR. D. MANUEL RODRÍGUEZ VILELA
SR. D. ALBERTO ENRIQUE PARAJUÁ ALONSO
SR. D. RUBEN ARMADA LÓPEZ
SRA. D^a. MARÍA ROSA CALOTO LÓPEZ
SR. D. MANUEL MOURELOS GONZÁLEZ
SR. D. JOSÉ JAIME GONZÁLEZ DEL RÍO
SRA. D^a. PATRICIA LÓPEZ FERNÁNDEZ
SR. D. XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO

Convócase aos/ás señores/as concelleiros/as que se relacionan anteriormente para a sesión ordinaria a celebrar polo Pleno no Centro Sociocultural e Xuvenil do Concello de Baralla, o **día 30 de setembro de 2021 ás 13 horas**, en primeira convocatoria.

De non existir en primeira convocatoria o quórum necesario, isto é, un terzo do número legal de membros da Corporación, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois, salvo que coincida con días festivos ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase o primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres/Sras. Concelleiros/as na Secretaría do Concello.

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación, se procede, da acta da sesión do Pleno celebrado o día 29 de xullo de 2021.
- 2.-Dación de conta das Resolucións de Alcaldía adoptadas dende a última sesión plenaria ordinaria da Corporación celebrada o 29 de xullo de 2021.
- 3.-Aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Baralla (PMPDIF).
- 4.-Expediente de modificación de créditos 11/2021 do orzamento municipal correspondente ao actual exercicio, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, con cargo a baixas de créditos de outras aplicacións e con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

5.-Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Baralla: solo urbanizable de uso industrial SUB-2, en Santo Estevo. Aprobación inicial.

6.-Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de Madeira nos montes e espazos forestais. Aprobación definitiva.

7.-Moción do PS de G-PSOE relativa a unha declaración institucional do concello para acoller refuxiados afganos e solicitar as axudas necesarias.

8.- Moción do PS de G-PSOE relativa á realización de un plan de recuperación do patrimonio histórico e aproveitamento do valor natural do concello.

9.- Moción do PS de G-PSOE relativa á solicitude de sinalización no enlace entre a estrada que vai ó Cereixal (LU-P-0508) e a estrada a Baleira (LU-710) a entrada a A6, así como tamén no cruce dos Mazos, a dirección da entrada a A6.

10.-Moción do BNG relativa á limpeza de leitos e marxes no Concello de Baralla.

11.-Rogos e preguntas.

A presente convocatoria e orde do día deberán ser notificadas ós Srs./Sras. Concelleiros/as no seu domicilio, debendo quedar acreditado este requisito mediante as firmas pertinentes, mostra de conformidade co seu cumprimento.

Baralla, 27 de setembro de 2021

O ALCALDE,
Asdo. Miguel González Piñeiro.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

